


GUÍA
PROGRAMA GARANTÍA XUVENIL
EN GALICIA



*Secretaría de Empleo
S. N. de CC OO de Galicia*

QUE É A GARANTÍA XUVENIL?

- A Garantía Xuvenil é unha iniciativa posta en marcha pola Unión Europea para combater o desemprego xuvenil. O seu obxectivo é que os mozos e mozas reciban unha oferta de emprego, de educación continua, de formación de aprendiz ou período de prácticas nun prazo de catro meses tras acabaren a educación formal ou quedaren en desemprego.
- O Acordo sobre liñas básicas de Galicia para o desenvolvemento do programa de Garantía Xuvenil aplica en Galicia as medidas que se ofertarán para acadar o antedito obxectivo durante os anos 2015 e 2016.
- O BOE do 5 de xullo de 2014 (título IV, capítulo I) regula o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

COMO BENEFICIARSE DA GARANTÍA XUVENIL?

Para beneficiarse do Sistema Nacional da Garantía Xuvenil é necesario estar inscrito no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil:

<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/darseAlta.html>

O procedemento para inscribirse é telemático a través da identificación electrónica (DNI electrónico, certificado electrónico) e con usuario e contrasinal, mediante o envío de claves ao teléfono móbil ou correo electrónico:

http://www.sepe.es/contenido/prestaciones/empresa/certificados_info.html

Nos supostos de persoas en risco de exclusión social e/ou con discapacidade, a inscrición poderase solicitar de forma presencial.

QUEN PODE ACCEDER Á GARANTÍA XUVENIL?

- Quen teña entre 16 e 25 anos, ou menos de 30 no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % no momento de solicitar a inscrición.
- Quen teña nacionalidade española ou sexa cidadá ou cidadán da Unión ou dos Estados parte do Acordo Económico Europeo ou Suíza, que se atopen en España no exercicio da libre circulación e residencia. Tamén poderán inscribirse as persoas de nacionalidade estranxeira titulares dunha autorización para residir no territorio español que habilite para traballar.
- Estar empadroadado ou empadroadada en calquera localidade española.

NON É NECESARIO ESTAR PREVIAMENTE INSCRITO/A COMO DEMANDANTE DE EMPREGO.

OUTROS REQUISITOS PARA INSCRIBIRSE NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL

- Non ter traballado nos últimos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
- Non ter recibido accións educativas que durasen máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
- Non ter recibido accións formativas que durasen máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
- Presentar unha declaración escrita de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, adquirindo un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolvan.

SERVIZOS DE INFORMACIÓN

- Servicio de información telefónica: 060 (seleccionar a opción 3)
- www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil
- <http://garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/index.php/es/>
- Correo electrónico: info.garantiajuvenil@meyss.es
- BOE 5/07/2014 (título IV, capítulo I)
- Twitter: https://twitter.com/Empleo_Joven

MEDIDAS DE APOIO Á CONTRATACIÓN DO GOBERNO CENTRAL

- Bonificación mensual de 300 € na achega empresarial á cotización á Seguridade Social, durante un máximo de seis meses, por contrato indefinido. As empresas deben incrementar tanto o nivel de emprego indefinido coma o total.
- Redución do 100 % das cotizacións nos contratos para a formación e a aprendizaxe nas empresas de menos de 250 traballadores e traballadoras, e do 75 % nas de 250 ou máis. Bonificación do custo da formación equivalente ao 50 % da xornada laboral o primeiro ano e o 25 % o segundo e terceiro.
- Bonificación dun 100 % das cotizacións empresariais á Seguridade Social dos contratos en prácticas.
- Os contratos a tempo parcial con vinculación formativa terán un 100 % de redución da cota empresarial á Seguridade Social nas empresas de menos de 250 traballadores e traballadoras e do 75 % nas de menos de 250, durante un máximo de doce meses.

QUE MEDIDAS SE APLICARÁN EN GALICIA?

- Froito do Acordo sobre liñas básicas de Galicia para o desenvolvemento do programa de Garantía Xuvenil, o Servizo Público de Emprego de Galicia contratará 56 persoas para asesorar e informar sobre as diferentes medidas a mozos e mozas. Ademais, ofertaranse as seguintes medidas:
- Un programa formativo en competencias clave, tecnolóxicas e de idiomas, e outro en certificados de profesionalidade.
- Programas para obtención do título da ESO e de formación profesional.
- Contratación durante seis meses por unha entidade sen ánimo de lucro para a adquisición de experiencia.
- Contratación durante seis meses por entidades locais, alternando traballo ou práctica profesional con formación.
- Prácticas non laborais en empresas.
- Incentivos ás empresas para que contraten os mozos e mozas.
- Axudas para o establecemento como autónomos ou autónomas.
- Axudas para a incorporación como socios ou socias de cooperativas ou sociedades laborais.

PROGRAMA FORMATIVO EN COMPETENCIAS CLAVE, TECNOLÓXICAS E DE IDIOMAS, E OUTRO EN CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Programaranse accións formativas para que, as persoas que non teñan cualificación, poidan adquirir as competencias mínimas necesarias que as axuden na busca dun emprego. A quen xa a teña, proporcionaráselle cursos axustados ás demandas do tecido produtivo. As accións formativas serán de catro tipos:

- Accións formativas vinculadas coa aprendizaxe de idiomas.
- Accións formativas vinculadas coas competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC.
- Accións formativas dirixidas á obtención de competencias clave.
- Accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade.

O programa desenvolverase a través da convocatoria dunha orde de subvencións dirixidas aos centros de formación debidamente inscritos/acreditados, en competencias clave e certificados de profesionalidade, centros que poden ser de titularidade tanto de concellos, como de entidades con e sen ánimo de lucro.

PROGRAMAS PARA OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- Os mozos e mozas que deixaron os estudos poderán retomalos a través deste programa, que pretende que a formación profesional se converta no primeiro chanzo de acceso ao emprego.
- Os que non cursaran a ESO e teñan entre 18 e 24 anos poderán terminalala. Despois, os orientadores ou orientadoras de emprego faranlles un seguimento durante os tres meses seguintes e estudarase como mellorar a súa cualificación. Tamén os porán en contacto con empresas para facilitar a busca de emprego.
- Aprobarase un plan para o desenvolvemento dun programa específico de formación dirixido á obtención de títulos de ensinanzas de ciclos de formación profesional de grao medio para persoas desempregadas entre 18 e 24 anos que teñan o título de ESO, facendo posible a realización completa dun itinerario curricular que incremente as posibilidades de inserción.

CONTRATACIÓN DURANTE SEIS MESES POR ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ADQUISICIÓN DE EXPERIENCIA

- Promoverase a contratación durante seis meses en entidades sen ánimo de lucro, para a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que redunden en beneficio da colectividade.
- As actividades que desenvolvan os mozos e mozas contratados estarán relacionadas coa súa titulación ou formación.
- Para crear este programa concederanse subvencións ás entidades, que axudarán a sufragar os custos derivados da contratación de acordo co convenio colectivo do sector de actividade.

CONTRATACIÓN DURANTE SEIS MESES POR ENTIDADES LOCAIS, ALTERNANDO TRABAJO OU PRÁCTICA PROFESIONAL CON FORMACIÓN

- Promoverase a contratación de mozos e mozas para prestaren servizos de interese xeral e social durante seis meses.
- Desenvolverase a formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, mediante un contrato coa entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.
- Para crear este programa, concederanse subvencións a concellos, mancomunidades de concellos ou consorcios locais, para sufragar os custos da formación e salariais.
- A selección de participantes realizarase entre as persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Participarán no proceso de selección representantes do Servizo Público de Emprego de Galicia e das entidades promotoras.

PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS

- Para as mozas e mozos con formación académica pero sen experiencia, desenvólvese o programa de prácticas laborais en empresas co fin de que poidan traballar nun contorno real.
- O programa desenvolverase a través da convocatoria dunha orde de subvencións que financiaría as bolsas que as empresas deben aboar mensualmente aos mozos e mozas en prácticas.

INCENTIVOS ÁS EMPRESAS PARA QUE CONTRATEN OS MOZOS E MOZAS

- Para facilitar a incorporación ao mercado laboral dos mozos e mozas, concederáse unha axuda ás empresas que os contraten baixo calquera modalidade contractual temporal, cunha duración igual ou superior a seis meses. Estas axudas dirixiránse prioritariamente a empresas galegas de sectores emerxentes (I+D+i, empregos verdes ou atención ás persoas).
- Tamén se incentivarán os contratos indefinidos sempre que supoñan un incremento do persoal da empresa.
- Concederáse unha axuda adicional ás empresas que transformen estes contratos temporais en indefinidos.
- Incentivarase a contratación en prácticas de persoas novas en situación de desemprego e sen previa ou escasa experiencia laboral en empregos relacionados coa súa titulación, como medida para favorecer a mellora da súa empregabilidade mediante a adquisición de experiencia profesional, e para consolidar a súa inserción laboral.

AXUDAS PARA O ESTABLECEMENTO COMO AUTÓNOMOS OU AUTÓNOMAS

- Para os mozos e mozas menores de 25 anos que queiran ser autónomos ou montar a súa empresa, establecerase unha axuda a fondo perdido de 1200 euros sen necesidade de acreditar un investimento en activo fixo e coa obriga de permanecer un ano de alta no RETA.
- De xeito complementario, desenvolverase un programa para activar laboralmente os mozos e mozas a través da promoción do emprendemento e definir ideas de negocio viables tomando como base as súas experiencias e intereses. O programa comprendería as seguintes fases: análise de competencias persoais, reforzo de competencias e hábitos, definición de ideas empresariais e titorización do plan de empresa.

AXUDAS PARA A INCORPORACIÓN COMO SOCIOS OU SOCIAS DE COOPERATIVAS OU SOCIEDADES LABORAIS

- Axudas ás mozas e mozos que se incorporan como socios ou socias para efectuar a achega ao capital social.
- Incentivos dirixidos ao fomento do emprego en cooperativas, mediante axudas á entidade resultante da incorporación de mozos ou mozas desempregadas como socios traballadores.